INFORME DE ACTIVIDADES

Exercicio 2017

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP - rúa do Hórreo 104-baixo esq. Santiago de Compostela 15701
Tel-Fax.: +34 981575578 I correo-e: info@espazo.coop | web: www.espazo.coop

Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP

A Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP é o resultado da fusión de tres entidades: a Federación de Cooperativas Sinerxia e as Unións de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA e de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado-UCETAG. Co **obxecto** de

- mellorar o nivel asociativo e adquirir maior representatividade
- mellorar a visibilidade do cooperativismo
- incrementar e coordinar as actuación de promoción e fomento do cooperativismo
- ampliar a diversidade empresarial da entidade e as iniciativas de intercooperación
- ampliar os servizos prestados ás cooperativas asociadas
- mellorar a capacidade de negociación con terceiros/as

ESPAZOCOOP é unha **entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases**, baseada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo, agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

Neste momento Espazocoop representa a:

189 Cooperativas

1.148 Socios/as traballadores/as

667 Socios/as consumidores/as

570 Persoas contratadas

45,5 Millóns € Facturación

Ademais das súas **funcións representativas** na defensa de dereitos e necesidades das cooperativas asociadas, mediante a presenza en distintas entidades e foros, entre os que cabe destacar o Consello Galego de Cooperativas, e a participación en diversos programas públicos e privados de fomento do cooperativismo e apoio ao emprendemento cooperativo, a UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP, desenvolve actividades e prestan servizos nos seguintes ámbitos:

DIVULGACION e FOMENTO do COOPERATIVISMO

Promovendo a difusión do cooperativismo e o coñecemento das empresas cooperativas, entre diferentes colectivos e na sociedade en xeral, a través de actividades como:

- Charlas, encontros, xornadas, obradoiros nos que informar e formar sobre cooperativismo e dar a coñecer experiencias reais de cooperativas.
- Realización de exposicións e edición de materiais didácticos.
- Organización de visitas a cooperativas.
- Dinamización de sectores económicos con posibilidades de desenvolvemento cooperativo.

No marco da REDE EUSUMO desenvólvense actividades de fomento e promoción do cooperativismo a distintos colectivos susceptibles de emprender en cooperativa e se traballa con sectores de actividade con potencialidades cooperativas a distintos niveis.

FORMACION

A formación abrangue distintos ámbitos e colectivos destinatarios:

- Formación en cooperativismo para persoas e colectivos interesados en coñecer o modelo.
- Formación nos centros de ensino, tanto para o alumnado como para o persoal docente.
- Formación para grupos de persoas emprendedoras que queren desenvolver a súa idea de negocio baixo unha formula de empresa cooperativa de traballo, servizos ou consumo.
- Formación continua para persoas socias e asalariadas das cooperativas: traballamos na detección de necesidades formativas e desenvolvemos distintos programas formativos sobre aspectos cooperativos, societarios e empresariais, ademais doutros de carácter transversal.
- Formación técnica para persoas prescriptoras e técnicas en asesoramento que desenvolven tarefas de apoio e promoción do cooperativismo desde empresas privadas, servizos públicos e/ou entidades adheridas á Rede Eusumo

ASESORAMENTO

Como entidade especializada en cooperativismo, proporcionamos **asesoramento** e referentes que faciliten o funcionamento e a xestión societaria das cooperativas asociadas. Ao tempo prestamos **servizos de xestión** para as cooperativas asociadas **en procedementos societarios**: altas e baixas de socias, estatutos, libros sociais, actas, renovación de cargos, convocatoria e organización de asembleas, consellos reitores, etc. Tamén asesoramos de cara a unha **xestión empresarial eficiente**, facendo especial fincapé nas particularidades contables, fiscais e laborais que definen ás cooperativas.

Unha actuación fundamental é o **acompañamento na creación de novas cooperativas.** Os inicios dos proxectos cooperativos: a fase previa á creación, o proceso de constitución e o primeiro ano de vida, son vitais para a súa viabilidade, tanto empresarial como societaria. Por iso desenvolvemos un servizo de asesoramento e

acompañamento dos grupos emprendedores que garanta a súa correcta posta en marcha.

Para contribuír a **mellorar a xestión socio-empresarial** das cooperativas e a mellora continua das persoas que as integran, desenvolvemos tanto programas específicos como servizos de apoio e asesoramento:

- acompañamento na realización de plans de mellora que contribúan á consolidación da cooperativa,
- acompañamento na realización de plans de sostibilidade e responsabilidade social,
- programa formativo e de titorización para a mellora da función xerencial nas cooperativas,
- encontros técnicos de actualización, coñecemento e intercambio de boas prácticas.

Ademais facilitamos información sobre convocatorias e iniciativas que poden ser de interese para as cooperativas: feiras, xornadas, ofertas e liñas de traballo ás que adherirse, proxectos e programas de diversa índole como innovación, novas tecnoloxías, etc.

FINANCIAMENTO

As entidades financeiras, en moitas ocasións, poñen máis condicionantes para acceder a préstamos ou pólizas ás cooperativas ca outro tipo de empresas, por iso dentro da estratexia de construir e consolidar iniciativas e redes desde e para economía solidaria, estamos impulsando liñas de financiamento alternativo.

Coop57 é unha cooperativa de servizos financeiros presente en varias CCAA, entre as que está Galicia, mediante a que se capta aforro ético destinado a financiar proxectos de emprendemento e consolidación no eido da economía social.

A cooperativa Coop57 é unha ferramenta de cambio e transformación socieconómica coa que se pretende apoiar e consolidar iniciativas de interese social e económico ao tempo que contribuír á posta en marcha de iniciativas que teñen por obxecto o benestar social mediante o compromiso de persoas que defenden un aforro ético e solidario.

INTERCOOPERACION

Traballamos na promoción do cooperativismo colaborando con diversas organizacións e axentes, administracións e entidades do eido económico, social, laboral e/ou do emprego, de cara a ir conformando unha ampla rede de traballo e apoio para impulsar e estender o modelo cooperativo. Este é precisamente o concepto que define a Rede Eusumo.

Colaboramos activamente con outras asociacións de cooperativas no ámbitos representativo, no desenvolvemento de programas conxuntos, na coordinación e colaboración do persoal técnico, etc. Formamos parte de órganos representativos a nivel estatal (COCETA, UECOE, Coop57), a nivel autonómico (Consello Galego de Cooperativas, Cecoop, Consello Galego de Economía e Competitividade, REAS), a nivel local (Pacto local polo emprego, GAC)

Fomentamos que as cooperativas aproveiten o espazo asociativo para a **intercooperación** entre elas, apoiando colaboracións para abrir novas oportunidades organizativas, comerciais e de traballo:

- dinamizando espazos de coñecemento e intercambio de propostas,

- apoiando a presenza conxunta en feiras
- promovendo intercambios comerciais entre cooperativas,
- dinamizando iniciativas conxuntas na oferta de servizos das asociacións.

A Unión de cooperativas Espazocoop aspira a ser a entidade de referencia no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

Órganos sociais

Consello Reitor

Presidencia	Celso Gándara Carnero (Algalia consultoría para economía social, S. Coop. Galega)
Vicepresidencia	Alfonso Fernández Rodríguez (Colexio Possumus, S. Coop. Galega
Secretaría	Domenico Tinelli (Medatlantia consultoría europea, S. Coop. Galega)
Vogal 1º	Ana Otero Fernández (Colexio Guillelme Brown, S. Coop. Galega)
Vogal 2ª	Ana Olveira Blanco (7H cooperativa cultural, S. Coop. Galega)

Nivel asociativo

ESPAZOCOOP nace con 179 cooperativas, das que 149 son de traballo asociado, 28 de ensino de traballo asociado e 1 de consumidores. Neste momento as cooperativas asociadas ascenden a 189 e tres máis teñen solicitada a admisión.



A distribución no territorio reflexa unha alta presenza nas provincias atlánticas, nas que se concentra a maioría da poboación. As 189 cooperativas asociadas actualmente teñen a seguinte distribución provincial.

Provincias	Cooperativas
A Coruña	87
Lugo	15
Ourense	30
Pontevedra	57



As cooperativas asociadas teñen, nun 86%, dez ou menos socios e socias e son todas elas, cooperativas de traballo. Noutro extremo se sitúan as dúas cooperativas de consumo con máis de 300 persoas socias cada unha delas.



Organizacións das que formamos parte

Consello Galego de Cooperativas

Máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo en Galicia é ademais o órgano consultivo e asesor das administracións públicas galegas, en materia cooperativa.

Confederación Española de Cooperativas de Trabajo Asociado (COCETA)

Entidade representativa do cooperativismo de traballo a nivel estatal. Actualmente detenta a Presidencia de CEPES (Confederación española de empresa de Economía social).

A través dela, as súas organizacións membro, están presente en numerosas organizacións e institucións, entre as que destacan:

- A Confederación Europea de Cooperativas de Produción e Traballo Asociado CECOP. Entidade representativa do cooperativismo de traballo a nivel europeo.

- O Comité Internacional de Cooperativas de Produción e Artesanais CICOPA. Comité da ACI representativo do cooperativismo de traballo, a nivel mundial. Dende outubro de 2011, Manuel Mariscal, a proposta de Coceta, detenta a súa Presidencia.
- Cooperativas en Europa, organismo que representa ao cooperativismo europeo.
- O Consello de Fomento da Economía Social (Ministerio de Trabajo e Inmigración).
- A Confederación empresarial española da economía social CEPES, que preside Juan A. Pedreño, presidente de Coceta.
- O Centro Internacional de Investigación e Información sobre a Economía Pública, Social e Cooperativa CIRIEC.
- A Fundación Iberoamericana de Economía Social FUNDIBES.

Unión Española de Cooperativas de ensino (UECOE)

Entidade representativa do cooperativismo de ensino, a nivel estatal. Membro da Confederación española de empresas de Economía Social-CEPES.

Asociación de centros de ensino da economía social ACES-Galicia

Patronal dos centros de ensino galegos que pertencen a economía social, conformada maioritariamente por cooperativas de ensino de traballo asociado.

Centro de Estudios Cooperativos – CECOOP

Con sede na Facultade de Económicas de Santiago de Compostela, traballa na divulgación e investigación universitaria do eido cooperativo. Ugacota detenta a representación do Consello Galego de Cooperativas, nesta entidade.

Coop57

Cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios, á que pertence Espazocoop e moitas das súas cooperativas, ademais de ter presenza nos órganos sociais. A secretaría técnica da sección galega a desenvolve Espazocoop.

REAS - Rede de redes da economía alternativa e solidaria

Principal espazo da economía alternativa e solidaria, composta por 18 redes que agrupan a máis de 500 entidades e empresas.

Nosa Enerxía, S. Coop. Galega

Cooperativa de consumidores e usuarios, sen ánimo de lucro de comercialización de enerxía de orixe renovable.

Centros de traballo

O equipo técnico de Espazocoop está integrado por **nove persoas** que traballan nalgún dos tres centros de traballo que te a entidade.

a) Sede central
Enderezo: rúa do Hórreo, nº 104 – baixo esquerda
Localidade: Santiago de Compostela C.P. 15701 Tfno: 981 575 578
Número de traballadoras: tres.

b) Delegación A Coruña
Enderezo: travesía de San José, nº 10 – entreplanta
Localidade: A Coruña C.P. 15002 Tfno: 881 887 456
Número de persoas traballadoras: dúas.

c) Delegación Vigo
Enderezo: rúa Taboada Leal, nº 15-entreplanta
Localidade: Vigo C.P. 36203 Tfno: 986 861 149
Número de traballadoras: catro.

Equipo técnico

As **nove persoas** que compoñen o equipo técnico de Espazocoop se distribúen nas tres oficinas da entidade: tres na de Santiago, dúas na de Coruña e catro na de Vigo. O que non exime dun alto grao de mobilidade laboral, tanto interna como externa, sempre que a actividade ou actuación o requira, a calquera punto da xeografía galega.

Destas nove persoas, sete traballan a xornada completa (40h semanais) e dúas teñen unha xornada reducida de 30h semanais para favorecer a conciliación laboral e familiar. De xuño a setembro aplícase horario de verán, no que se reduce proporcionalmente a xornada, sendo a xornada completa de 35h. semanais.

Composición do equipo técnico:

- **Constantino Gago Conde**

Diplomado en Ciencias Empresariais, pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialidade en informática de xestión (1990)

Postgrao da Fundación Universidad-Empresa: "Experto en Xestión de Calidade e Certificación de Empresas".

- Asociación para a Economía Social. Director administrativo e Secretario da asociación adscrita á Universidade de Vigo (Escola Universitaria de Estudios Empresariais), especializada en cooperativismo, responsable da revista "Cooperativismo e Economía Social".

- Socio fundador de XEDEGA, S. Coop. cooperativa de traballo asociado dedicada a asesoramento e consultaría de pemes, na que era responsable dos departamentos de formación e proxectos-estudios.

- Unión de Cooperativas Madrileñas de Traballo Asociado (UCMTA). Funcións de asesoramento e formación a grupos promotores, xestión de axudas e subvenciones, asesoramento a cooperativas asociadas, impartición de módulos en programas formativos e colaboración en diversos programas europeos ADAPT e INTEGRA.

- AGACA. Técnico colaborador do Proxecto EQUAL-ESPADELADA "A xestión do cambio no cooperativismo".

- Poñente e membro da Comisión técnica do " Libro Branco do Cooperativismo en Galicia".

- Relator e membro da Comisión técnica do "Plan Estratéxico para o Cooperativismo en Galicia".

- Federación de Redeiras Artesás "O PEIRAO". Técnico da Agrupación de Desenvolvemento no Proxecto EQUAL Nexus Rede.

- En abril de 2011 incorpórase ó equipo técnico de Ugacota para por en marcha un programa de mellora nas cooperativas asociadas, ademais de realizar tarefas de asesoramento de grupos de emprendedores, formación cooperativa e empresarial e elaboración de documentos divulgativos e formativos, entre outras.

- Desde xaneiro de 2017 é membro do equipo directivo de Espazocoop e detenta a xerencia de entidade.

- Mª del Mar Pernas Márquez

Licenciada en Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid, na especialidade de Poboación e Ecoloxía Humana. (1981-1986)

Axente de desenvolvemento local. Fundescoop. Santiago de Compostela (1988-89)

Postgrao en Xerencia de cooperativas pola Universidade de Santiago de Compostela (1992).

- Traballo de campo en investigación social para a Xunta de Galicia. (1987-1988).

- Axente de Desenvolvemento Local no concello de Cervo (Lugo). (1989-1990)

- Incorpórase á Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA, en 1991, asumindo tarefas de: captación de cooperativas, xestión de subvencións, xestión e coordinación da formación continua sectorial e cooperativa para as cooperativas asociadas. Posteriormente desenvolve tarefas de xerencia da entidade, realizando tarefas representativas e de divulgación e formación.

- Poñente e co-redactora do Libro Branco do Cooperativismo Galego e redactora da comisión da área de cooperativas que asocian traballo do Plan estratéxico do cooperativismo galego, ademais de participar noutras comisións.

- Elaborou os materiais divulgativos e formativos de Ugacota e participou na elaboración do Manual "Ideas cooperativas en acción". E é co-autora do "Manual de formación de socios/as de cooperativas de traballo asociado".

- Representa a Ugacota no Consello Galego de Cooperativas, a este no Cecoop e é representante de Ugacota e membro do Consello Reitor da cooperativa de servizos financeiros Coop57.

- Desde xaneiro de 2017 é membro do equipo directivo de Espazocoop e reponsable de relacións institucionais e coas cooperativas asociadas.

- Ramón Carmelo Rodríguez Padín

Especialista en Dirección e Xestión de Cooperativas e PEMES (1998) e Especialista en Xestión de Cooperativas (2007) pola Universidade de Vigo.

Realiza prácticas de xestión de asociacións de cooperativas na Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA) (1994)

Exerceu a xerencia de SINERXIA desde 1995.

Conta cunha ampla formación en xestión empresarial cooperativa e formación para adultos, desenvolve actividades de formación en cooperativismo e emprendemento empresarial, economía social, plans de empresa e lexislación cooperativa.

Tamén desenvolve tarefas de asesoramento de proxectos cooperativos desde 1996.

É coautor de varias publicacións editadas por SINERXIA e participou nas mesas de elaboración e avaliación do Libro Blanco e o Plan Estratéxico do Cooperativismo Galego (2005-2010).

En representación de Sinerxia, fixo parte do grupo constituinte da Sección Territorial de Galicia de Coop57, cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios (2009)

Desde xaneiro de 2017 é membro do equipo directivo de Espazocoop e reponsable da área económico financeira e de proxectos.

Desenvolve as labores de Secretaria Técnica da Sección territorial galega da cooperativa de servizos financeiros Coop57.

- Carmen García Méndez

Licenciada en Ciencias da Educación, sección Psicoloxía, especialidade Social e do Traballo, pola Universidade de Santiago de Compostela (1995).

Máster en e-learning pola Universidade de Santiago (2004).

Máster en Orientación Profesional pola Universidade de Santiago (1997).

Experta en Entrenamento de Habilidades Sociais para o Emprego pola Universidade de Oviedo (1998).

Actualmente cursando o Grado Medio de Facilitación de Grupos polo IIFACE.

- Técnica de orientación laboral na Universidade de Oviedo, na Oficina de emprego da Xunta de Galicia en Cambados, e no CEDER Oscos-Eo

- Traballou como dinamizadora do Telecentro Rural de Vegadeo (Asturias)

- Técnica de orientación e formación, coordinadora de equipos e coordinadora técnica da área de inserción na Asociación Coruña Solidaria (Proxectos da I.C. Equal)

- Coordinadora das áreas de formación do Equal Nexus Rede, coordinando a posta en marcha da teleformación cooperativa e a Escola Cooperativa Móbil,

Desde o 2008, forma parte do cadro de persoal de UGACOTA como técnica de formación. Realiza tarefas de xestión e coordinación de programas de formación continua, imparte docencia en Igualdade e Habilidades sociais e traballo en equipo, conflito e colabora na realización de documentación divulgativa e formativa.

Desde xaneiro de 2017 é coordinadora da área de formación de Espazocoop e docente.

- Nuria González Rodríguez

Diplomada en Graduado Social pola Universidade de Vigo (1993).

- na Asociación Para a Economía Social (APES) da Universidade de Vigo (1995-2000) desenvolveu tarefas de xestión administrativa, deseño, coordinación e impartición de accións formativas, elaboración de materiais didácticos e traballos de investigación relacionados coa economía social en Galicia.

- Concello de Pontevedra (2001) traballa na área de promoción económica e desenvolvemento local coordinando formación ocupacional para persoas desempregadas.

- Federación de cooperativas SINERXIA no período 1997-2005, realiza funcións de coordinadora e monitora de programas de formación ocupacional e continua en materia cooperativa, coordinadora e redactora dos boletíns "Sinerxia Informa" e "Elos Cooperativos", xestora de subvencións públicas, coautora de varias publicacións de cooperativismo editadas por Sinerxia, Ucetag e Eixo.

- Desde 2005 forma parte do cadro de persoal da Unión de Cooperativas de Traballo EIXO desenvolvendo actividades de formación e divulgación cooperativa.

- No 2010 se incorpora a Ugacota, desempeñando tarefas de comunicación, organización e xestión de programas, e elaboración de documentos de comunicación, entre outras.

- Desde xaneiro de 2017 é a responsable da área de comunicación de Espazocoop.

- Rosa Álvarez Bernárdez

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (2006).

Curso de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais. Especialidade de Seguridade no Traballo. Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas do Principado de Asturias (2001).

Curso superior de Relacións Laborais. Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela e Consello galego de Relacións Laborais (2004-2005)

- Traballou en prevención de riscos laborais para a Asociación de Cooperativas Agrarias, desenvolvendo tamén tarefas de investigación na diagnose do sector cooperativo realizada dentro do proxecto europeo Espadelada.

- Desde marzo de 2005 traballa en Ugacota, como integrante do equipo de traballo que desenvolve o Programa Equal Nexus Rede, participando na elaboración da diagnose, organización de mesas de debate sectorial, análise de fontes secundarias, acompañamento en plans de mellora.

- Finalizado o proxecto, no 2008 se incorpora ao equipo técnico de UGACOTA, onde desenvolve tarefas de asesoramento, formación e divulgación cooperativa en diferentes áreas. Responsable da área de captación de cooperativas.

Desde xaneiro de 2017, forma parte do equipo de consultoría e formación de Espazocoop no que realiza tarefas de asesoramento, consultoría para as cooperativas asociadas, acompañamento de grupos promotores e formación e divulgación cooperativa.

- Roberto Andrés Sanmartín

Diplomado en Relacións Laborais pola Universidade de Vigo.

Formación complementaria en cooperativismo e economía social, especialmente en cooperativismo de ensino.

Detentou a xerencia da Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia-Ucetag desde principios dos 90 desempeñando diferentes tarefas: representativa, formativa e divulgativa, así como a de proxectos e programas.

Impartes formación nos programas Orientación laboral e cooperativa, Aprender a emprender e Cooperamos e asesora a cooperativas de ensino en cuestións académicas e empresariais.

Titoriza e realiza asistencia técnicas na teleformación das cooperativas de ensino.

Desde xaneiro de 2017, forma parte do equipo de consultoría de Espazocoop e responsable da sectorial de ensino da entidade.

- Teresa Balado

Diplomada en Ciencias Empresariales pola Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo.

Diploma de Especialización Profesional Universitario en Xestión Contable e Tributaria para Cooperativas, pola Universidade de Valencia

Ligada profesionalmente ao mundo da Economía Social desde 2007, foi bolseira do Programa de Apoio á Función Xerencial en Cooperativas organizado pola Unión de cooperativas Ugacota durante un año, conseguindo unha importante capacitación en cooperativismo, desenvolvendo a formación práctica na cooperativa de traballo asociado Como Cabras (2008-2009).

Técnica de apoio en asesoramento e formación na Ucetag, desde 2010 e ten experiencia en xestión e consultoría empresarial.

Traballou como Técnica de proxectos empresariais para a Rede Eusumo realizando asesoramentos, atención a grupos emprendedores e impartindo formación en cooperativismo, antes de incorporarse á Federación Sinerxia para realizar tarefas similares.

Desde xaneiro de 2017, forma parte do equipo de consultoría e formación de Espazocoop no que realiza tarefas de asesoramento, consultoría para as cooperativas asociadas, acompañamento de grupos promotores e formación e divulgación cooperativa.

- Mª Ángeles Barreiro Vilas

Técnica superior en Administración e Finanzas. IFP San Clemente. Santiago de Compostela (1999)

Curso de especialista en informática e novas tecnoloxías (2003)

Traballa en varias empresas durante mais de 6 anos nas que adquiriu experiencia en administración e contabilidade.

No 2007 incorpórase ao cadro de persoal de Ugacota para asumir o servizo contable-fiscal que se lle presta a cooperativas asociadas. Actualmente realiza tarefas de xestión contable e administrativa. Desde 2012 colabora na docencia en materia de contabilidade e fiscalidade de cooperativas.

Desde xaneiro de 2017 é a responsable de administración de Espazocoop e realiza tarefas de xestión contable fiscal para a entidade e asesoramento neste eido para as cooperativas.

Actividades previstas para 2017

As actividades previstas para o ano en curso son, por unha parte, continuidade de programas existentes nas entidades promotoras da fusión, e por outra, actuacións que dan resposta ao cumprimento do plan estratéxico da Unión de Cooperativas Espazocoop.

- Manter as **actividades propias** da Unión así como os servizos que se viñan prestando e que xustifican a súa existencia e a identifican:
  - **asesoramento e formación** en materia cooperativa,
  - **divulgación e promoción** do cooperativismo,
  - posta en marcha de proxectos cooperativos e acompañamento de **grupos emprendedores**,
  - **representación e defensa de intereses** do cooperativismo, ante terceiros públicos e privados,
  - **asesoramento en xestión empresarial** (contable-fiscal e laboral)
  - **asesoramento e xestión de servizos cooperativos**: levanza de libros sociais,elaboración de documentos societarios, xestión de trámites rexistrais, etc.
- **Comunicación** permanente tanto sobre aspectos e contidos de interese para as cooperativas asociadas (convocatorias de subvencións, actividades de divulgación, presenza en Feiras, programas de mellora, etc.) como sobre as actividades que está a desenvolver a entidade de cara a incrementar o coñecemento e participación na mesma.
  - adaptación á nova imaxe corporativa e actualización permanente da web corporativa,
  - elaboración e envío do Boletín informativo semanal a unha importante base de contactos
  - actualizar e permanentemente os perfís de Espazocoop nas redes sociais (Facebook e Twitter) e calquera outra ferramenta que garanta un fluxo de información e actualidade nas cooperativas.
- contacto e visita a cooperativas para manter as tarefas de **captación de cooperativas,** para fortalecer á entidade co crecemento da súa base social e da diversidade da mesma, con distintos clases de cooperativas.
- Darlle continuidade aos servizos que se veñen prestando grazas á existencia desta subvención, como é o **asesoramento xurídico**. E aos traballos que se realizan a partir de tarefas propias da entidade como son as representativas, coa participación e presenza en distintas entidades e estruturas da economía social e solidaria.

- Desenvolvemento de **actividades de formación e dinamización cooperativa** en entidades adheridas á **Rede Eusumo**, en coordinación coa entidade que asuma a coordinación da Rede. A programación deste año estará composta por actividades presenciais:

- Obradoiro de formación para persoas que queren emprender en cooperativa
- Obradoiro de habilidades sociais cooperativas
- Obradoiro elabora o teu plan de empresa cooperativa
- Obradoiro de contabilidade básica para o emprendemento cooperativo
- Obradoiro de habilidades para a xestión do conflito
- Obradoiro sobre novas economías baseadas nas persoas
- Formación para o fortalecemento e consolidación das cooperativas e as súas redes
- Obradoiro de dinamización do cooperativismo nun sector potencial
- Obradoiro educar en cooperativismo
- Obradoiro sobre o cooperativismo de ensino como alternativa de emprego

Esta programación formativa compleméntase coa realización de seis cursos que se desenvolveran na modalidade de teleformación:

- Responsabilidade social empresarial nas cooperativas
- Regulamento de réxime interno nas cooperativas
- Asembleas e reunións
- Cultura financeira para a xestión cooperativa
- Ferramentas de financiamento ético e alternativos
- Iniciación á cooperativa de traballo asociado

- A realización de varios **Encontros temáticos** para a mellora da xestión das cooperativas, entorno a temas de interese para as cooperativas e de cara a mellorar a xestión e organización das mesmas, nunha sesión de mañá. O obxectivo será coñecer e intercambiar experiencias sobre aspectos da xestión diaria das cooperativas.

- Realizar **Encontros de networking** periódicos que posibiliten os procesos de colaboración e complementariedade, así como o establecemento de redes de apoio entre cooperativas e e entidades de economía social. Plantéxanse como sesión mensuais de dúas horas, a primeira hora da mañá para non interferir no traballo do día e en distintas cidades para facilitar a participación evitando grandes desprazamentos. Poderán ser de carácter sectorial ou transversal.

- Desenvolverase un **Programa de mentoring para a consolidación de cooperativas**, **CONSOLIDA COOP** mediante unha titoría personalizada a través da cal se fará un proceso de autodiagnose e detección de áreas a mellorar para a consolidación da cooperativa, así como unha proposta de intervención e un calendario de seguimento.

- Elaboración dun **Manual práctico para a transformación de empresas mercantís en empresas de economía social**, a realizar conxuntamente coa Asociación de sociedades laborais AESGAL que facilite clarificar as opcións, coñecer os pasos máis importantes a dar e orientar a futuras/os promotoras/es sobre os procedementos a seguir. Achegando boas prácticas, para que os novos proxectos de economía social, froito de procesos de reconversión ou recuperación de empresas en crise,, podan nacer con expectativas de consolidación.

- Está prevista asinar un novo **convenio de colaboración co Concello de A Coruña** para a realización de actividades de fomento do emprendemento e promoción da economía social. As actividades propostas son:

- programa de difusión do Cooperativismo e a Economía Social como vía de acceso ao emprego dirixido ao alumnado de Educación Secundaria e Formación Profesional
- Seminario de formación sobre as posibilidades que ofrecen as fórmulas da economía social para a xeración de emprego dirixido ao persoal técnico que desenvolve a súa actividade nas áreas de inserción laboral e o fomento de emprego na cidade da Coruña.
- Módulos transversais de formación en Cooperativismo e Economía Social dirixidos as persoas desempregadas participantes nos itinerarios de inserción para o emprego
- Seminarios de Creación de Emprego a través do Cooperativismo e da Economía Social mediante formación, acompañamento e titorias

Ademais seguiremos a desenvolver o Programa Semente, de formación en emprendemento cooperativo a nenos e nenas de 8 a 11 anos, en 14 colexios públicos nos que se está a traballar con 21 proxectos cooperativos.

- Manter a presenza da Unión na **Confederación Española de Cooperativas de Trabajo Asociado-COCETA** e na **Unión Española de Cooperativas de Enseñanza -UECOE,** asistindo ás convocatorias, que realicen. No que vai de ano asistiuse a un Consello reitor da primeira e a dous da segunda.

- Preparar e asistir ás reunión, tanto do Pleno como da Comisión Permanente e de traballo do **Consello Galego de Cooperativas**. Así como ás Comisións de traballo e xurados, dos que formamos parte.

Participar nos actos a desenvolver o Día do Cooperativismo a celebrar o día 1 de xullo.

- Asistir ás reunións do **Centro de Estudios Cooperativos** (CECOOP) e colaborar nas actividades de fomento do cooperativismo, que leven na cabo.

- Prepara e asistir ás reunións da **Comisión tripartita de ensino privado concertado de Galicia**, na que se revisan e analizan os programas e liñas de actuación do ensino regrado: programas de gratuidade de libros, de escolarización de nenos e nenas con necesidades especiais, equipos docentes e calendario escolar, entre outros.

- **Coop57**. Manter a presenza e actividade na cooperativa participando nas convocatorias de reunións de órganos sociais e grupos de traballo, dando a coñecer os seus servizos e apoiando o financiamento alternativo e solidario de xeito que contribúa á creación de novas cooperativas e á mellora das existentes.

- **REAS Galicia**, en calidade de membro da Rede, asistencia ás reunións que convoquen así como o apoio das actividades que desenvolvan. A sede social da territorial pasa a estar en Espazocoop, polo que se desenvolverá un papel de visibilización da economía alternativa e solidaria. No que vai de ano realizouse unha asemblea e está revisto o II Encontro de Reas Galicia o día 22 de abril en Vedra.

- **Fiare-Banca Popolare Ética** e a **Nosa enerxia, S. Coop. Galega**, como membros de ambas cooperativas participarase nas súas actividades e convocatorias. Fiare-Banca Ética celebrou o 13 de maio a súa asemblea xeral ordinaria, simultanendo o seu desenvolvemento en Italia e España, sendo Santiago de Compostela o lugar elixido para convocar aos socios e socias españolas.

- Desenvolver a execución aprobada para 2017 do **programa CRECES de COCETA**, no marco da convocatoria POISES de CEPES, en calidade de organismo intermedio para execución do **FSE 2014-20**. Este ano realizarase a xustificación da

anualidade 2016 e, ademais de executar as actividades de formación e divulgación aprobadas para o 2017: creación de cooperativas, realización de obradoiros de sensibilización e desenvolvemento do programa de bolsas xerenciais en sete cooperativas, está previsto preparar unha proposta a desenvolver en 2018-19, indo de forma individual á convocatoria, sen a cobertura de Coceta.

- Constituída a nova Unión de Cooperativas Espazocoop o **proceso de fusión** aínda non está rematado e quedan diversas tarefas a desenvolver este ano. Ademais de realizar e supervisar os últimos trámites da formalización (outorgamento de poderes, certificación dixital, legalización de libros sociais, ...), realizar os cambios de titularidade tanto de subministros como de contas bancarias, realizar o traslado á nova oficina en Vigo, etc. quedan outras tarefas relevantes para poder pechar definitivamente o proceso de fusión:

  - implementar o novo organigrama funcional e de responsabilidades, cos conseguintes reaxustes do equipo técnico,
  - implantar a imaxe corporativa de Espazocoop en recursos e ferramentas de comunicación, formación, etc.
  - presentar e visibilizar a nova Unión de Cooperativas ao sector e na sociedade en xeral, ás institucións e tamén aos potenciais aliados/as e colaboradores/as,
  - implementar nas cooperativas asociadas a identidade cooperativa e da pertenza a Espazocoop
  - desenvolver os compromisos do plan estratéxico para garantir os obxectivos da fusión.

Todo isto suporá unha importante carga de traballo interno e tamén a organización de actuacións públicas e materiais de visibilización.

- Trala súa aprobación, este ano iniciarase a execución da candidatura presentada en 2015 á convocatoria **POCTEP** do Programa Interreg Galicia-Norte de Portugal na que tamén participan a Secretaría Xeral de Emprego, Agaca, Aesgal e a Univ. de Santiago, ademais de catro entidades portuguesas, baixo a coordinación de Eosa.

O **proxecto LACES** (2016-2019) ten como fin último contribuír ao fomento e consolidación da economía social na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal. Os resultados que perseguen no proxecto baséanse na:

  - Estruturación dun laboratorio de prospectiva en economía social e na identificación de oportunidades en sectores emerxentes,
  - Laboratorios de creatividade para a difusión e comunicación da Economía Social,
  - Laboratorios de Proxectos Piloto de creación e consolidación de empresas de Economía Social e de mellora da capacitación de talento humano.

- **Impartición de charlas, conferencias, cursos y seminarios** sobre cooperativismo de traballo asociado, organizadas dende distintos servizos de formación e promoción de emprego. Continuar co proceso de colaboración coas oficinas de fomento cooperativo dos concellos, de cara a establecer vínculos de continuidade que nos permitan crear procesos de colaboración na posta en marcha de proxectos cooperativos.

Calquera outra actividade ou actuación que xurda ó longo do ano tanto a proposta propia como de terceiros que soliciten da nosa colaboración.

Previsión orzamentario 2017

partidas	ingresos	gastos
Estrutura	140.000,00	344.485,00
Proxecto Poises-Creces (FSE)	75.806,00	30.750,00
Actividades na Rede Eusumo	170.000,00	56.200,00
Programa Semente	5.000,00	75,00
Convenio nominativo Concello de A Coruña	20.000,00	500,00
Prestación de servizos	24.594,00	450,00
Programa Poctep-Laces (Interreg)	105.984,00	95.594,70
TOTAL	541.384,77	528.054,70
Resultado previsto: 13.330,07 euros		

Tendo en conta os criterio de adxudicación da orde de axudas ás asociación, prevemos un volume de axuda importante cun alto nivel de execución de actividades na Rede Eusumo.

Tamén agardamos mellorar o nivel de ingresos coa participación en programas europeos. A resolución favorables destes programas garantízanos unha fonte complementaria de ingresos para varios anos. Pola contra este tipo de programas esixiranos un alto nivel de planificación financeira, tanto pola esixencia de cofinanciamento como polos habituais atrasos nos procesos de pagamento destes programas.

O incremento de contactos e propostas a administracións locais e outras entidades, agardamos que tamén teña un resultado positivo no incremento da prestación de servizos (presenza en pactos locais, desenvolvemento de programas como o Semente, noutros concellos) e sinatura de convenios de colaboración, que suporán outra potencial fonte de ingresos.